



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/002410

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Decreto de aprobación da concesión de axudas a entidades deportivas 2024)

### ANTECEDENTES

1. Bases reguladoras da convocatoria, publicadas no BOP nº 193, do 7 de outubro de 2024 e extracto da convocatoria, publicado no BOP da Coruña nº. 196, do 10 de outubro.

2. Acta da Comisión de Valoración, de data 29 de outubro de 2024, na que se propón o resultado da revisión da documentación de xustificación, proponendo os importes de axuda correspondentes por un importe global de 77.450,58 €.

3. Informe de fiscalización JPB 350/2024 do 16 de decembro de 2024, no que se considera correctamente xustificado polos clubs deportivos un importe global de 60.102,93 €. e no que se indican varias discrepancias coa acta da comisión de valoración na documentación de xustificación presentada por cinco clubs de fútbol beneficiarios. No informe sinalase a competencia da Alcaldía para recoñecer estas axudas.

Por todo canto antecede, tendo en conta o exposto na acta da comisión de valoración na que se xustifican os motivos polos que os cinco clubs de fútbol acreditan o pago realizado á Mutualidade de Futbolistas e a Real Federación Galega de Fútbol e tendo constancia o departamento de deportes de que a realización destes pagos a estes organismos se realizan cada ano da mesma forma para poder optar este clubs a participar nas competicións oficiais. Entendendo por outra banda que os documentos que acompañan os clubs xustifican suficientemente que os pagos a estes dous organismos foron realizados correctamente.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Dispoñer o gasto en concepto de subvención para entidades deportivas 2024 por importe global de 80.000 euros segundo o exposto en cadro anexo.

**Segundo.-** Recoñecer a obriga por importe global de 77.450,58 euros polo cumprimento comprobado da súa condición de beneficiarias e polo importe de axuda xustificado correctamente por cada unha delas, e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000

SOLICITANTE	NIF	CONCESIÓN DEFINITIVA €
Club Náutico de Sada	G15342074	4.375,04 €

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Club de Futbol Carnoedo	G15275985	3.094,89 €
Club Taekwondo Sada	G15777865	10.666,10 €
Club Baloncesto Golfiños	G70513197	9.312,79 €
Club Sada Patín	G15864929	5.908,42 €
Club Veteranos Platino	G70501242	1.125,41 €
Club Salvamento Sada	G70076583	7.906,04 €
Club Racing Sada F.C.	G16952400	1.125,41 €
Club Atletismo de Sada	G15588296	8.402,29 €
Sada C.F.	G70593249	9.429,56 €
Sada Atlético C.F.	G06853618	1.125,41 €
Club Alamar de Sada	G70492301	8.114,23 €
Club Ciclista de Sada	G70448048	1.188,72 €
Club Ximnasia Sada Tempo	G70272794	5.676,27 €
<b>TOTAL:</b>		<b>77.450,58 €</b>

**Terceiro.-** Ordenar á Tesouraría municipal o pagamento das axudas aprobadas, previa comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias consonte o artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución ás entidades beneficiarias de acordo coa base reguladora número 8 e de conformidade co artigo 45 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

**Quinto.-** Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, e as persoas físicas ou xurídicas afectadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. No caso de interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, as interesadas poderán exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>